

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 7 de xaneiro de 2025

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tiveron entrada os escritos de Martín Álvarez González, que se relacionan a seguir:

- 15727 Escrito de Martín Álvarez González relativo á situación do conxunto patrimonial da igrexa parroquial de Santiago de Cados, no Concello de Bande (12/VUDE-000026).
- 15865 Escrito de Martín Álvarez González relativo á modificación da relación de postos de traballo do Valedor do Pobo e a designación do subdirector da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (12/VUDE-000027).
- 16026 Escrito de Martín Álvarez González polo que solicita información sobre o procedemento de contratación da instalación dun baño ostomizado na sede do Valedor do Pobo (12/VUDE-000028).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º) O seu traslado á Comisión de Peticións.

2º) A comunicación do acordo á persoa interesada, indicándolle que o Parlamento de Galicia é o responsable do tratamento dos seus datos persoais, recollidos coa finalidade de tramitar o exercicio do dereito de petición, lexitimado pola normativa aplicable. Os seus datos poderán ser cedidos ao Valedor do Pobo ou a outras institucións públicas de acordo coa lexislación vixente. En calquera momento, a persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación ao tratamento ou portabilidade de acordo co previsto na Lei, mediante un formulario a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispón de información adicional.



3º) Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento na vindeira reunión que teña lugar.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parla-
ntodegalicia.es
Fecha: 2025.01.09 13:11:55 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 09/01/2025 13:11:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 09/01/2025 13:12:35
Nº Rexistro: 4527
Data envío: 09/01/2025 13:12:35.606

CSV: REXISTRO-sX4XdTvzc-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

